

Os Diarios de Syra Alonso (1938 e 1945): unha das crónicas máis impactantes da Guerra Civil

FICHA TÉCNICA: 276 pp . 13 x 23 cms.
ISBN 978-84-18567-81-0. PAPEL FSC . PVP: 21, 50 €

Nova edición actualizada e ampliada con material inédito (textos e imaxes) e onde participan tres especialistas na autora: Carme Vidal, Anxos Sumai e, dende México, Conrado J. Arranz.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, VERÁN 2025.- A voz de **Syra Alonso** (A Coruña, 1899-México, 1970) emerxe dende o silencio do exilio para contar unha das crónicas máis impactantes da Guerra Civil española. Estes *Diarios (1938 e 1945)* (Alvarellos Editora) que agora regresan en nova edición e con material inédito, relatan o terror vivido en Galicia e a loita desesperada de Syra por salvar ao seu marido, o pintor **Francisco Miguel** (A Coruña, 1897-Bértoa, Carballo, 1936), durante as horas máis tristes da súa vida. **Un documento imprescindible que mostra o horror do franquismo e a forza da resistencia persoal.**

A presente edición dos *Diarios* de Syra Alonso **actualiza e amplía, con diverso material inédito**, o volume publicado no ano 2000 cando foran descubertos os manuscritos. Conta coa participación de varias especialistas na autora: un estudo introdutorio actualizado da ensaísta e xornalista **Carme Vidal**, a tradución ao galego a cargo de **Anxos Sumai García**, o epílogo asinado

polo profesor e investigador mexicano **Conrado J. Arranz Mínguez**, que descobre a faceta creativa e de narradora de ficción de Syra Alonso, y aporta un **conto descoñecido da autora**, titulado **"Tres homiños"** ambientado na Galicia daqueles días terribles.

A actual edición aporta así mesmo **16 páxinas de fotografías e documentos inéditos** ou moi pouco difundidos da autora e do pintor.

Syra Alonso é unha das máis extraordinarias cronistas da represión franquista. O 3 de agosto de 1936, o seu home, **Francisco Miguel**, era detido polos sublevados e, vinte e seis días despois, aparecía o seu corpo sen vida, xunto con outras tres persoas, todos cruelmente asasinados. Os outros eran Juan Boedo Pardo, Andrés Pinilla Fraga e Pedro Pinilla Calvete. Serían enterrados en Bértoa, Carballo. **Os seus restos non serían identificados ata setembro de 2023**, cando foron exhumados pola ARMH. A partir daquel trágico acontecemento, Syra iniciaría a escrita das súas memorias, uns *Diarios* que non verán a luz ata o ano 2000.

